

## ADENDA

### ONDE SE EXPLICA A MECÁNICA DA MATERIA DE *CULTURA CLÁSICA* DURANTE AS ÚLTIMAS SEMANAS DO MES DE XUÑO.

Pasada a 3ª avaliación, e ata a celebración da avaliación final, o alumnado verá alterada a marcha da programación co obxectivo de mellorar a nota e chegado o caso superar a materia se estivese suspendida, do seguinte xeito:

Para o alumnado coa materia **suspendida** na 3ª avaliación farase fincapé nas unidades didácticas *As linguas no mundo clásico*, *A relixión*, *A arte*, *Espectáculos e termas*, *Os cidadáns*, e *Cidades e historia*. Do éxito nelas dependerá o aprobado final. Isto supón un repaso polos contidos máis teóricos da materia, aínda que serán abordados de forma práctica, comentando, individualmente, aspectos destas unidades que se poden rastrexar na película *Ágora* de A. Amenábar. Así o alumnado poderá demostrar ter asimilados os contidos mínimos da materia.

Para o alumnado coa materia **superada** na 3ª avaliación repetiremos o mesmo procedemento que para o caso dos/as que suspenderon, como non pode ser doutra maneira se queremos que a clase leve unha marcha coherente, a actividade docente non se vexa interrompida e todo o alumnado sexa atendido como merece. Iso si, co obxecto de lograr a posibilidade de superar a cualificación da 3ª avaliación e para incentivar o traballo, o resultado final deberá ter un nivel de esixencia maior do esixido para o alumnado do grupo de suspendidos na 3ª avaliación. O resultado deste exercicio pode supoñer subir a nota na avaliación de final de curso.